

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 CURSO 2021-22

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

1. Datos do centro

Código	Denominación
15015238	CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA

Enderezo		C.P.
ROSALÍA DE CASTRO S/N		15840
Localidade	Concello	Provincia
SANTA COMBA	SANTA COMBA	A CORUÑA
Teléfono	Correo electrónico	
881866918	ceip.barrie.maza@edu.xunta.es	
Páxina web		
www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarriemaza		

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

ÍNDICE


Medidas de prevención básica	3
Medidas xerais de protección individual.....	8
Medidas de limpeza	10
Material de protección	12
Xestión dos abrochos	12
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	13
Medidas de carácter organizativo.....	14
Medidas en relación coas familias e ANPA.....	20
Medidas para o alumnado transportado	22
Medidas de uso do comedor	23
Medidas específicas para o uso doutros espazos.....	24
Medidas especiais para os recreos	26
Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria	29
Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres	30
Medidas específicas para alumnado de NEE	31
Previsións específicas para o profesorado	32
Medidas de carácter formativo e pedagóxico	32

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

Id.	Medidas de prevención básica
------------	-------------------------------------

2. Membros do equipo COVID			
Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)		881866918 676634313	
Membro 1	MARÍA DOLORES NIETO CAAMAÑO	Cargo	DIRECTORA (Coordinadora)
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Nomear os restantes membros do equipo COVID. • Coordinar o equipo. • Ser interlocutora coa administración, centro de saúde, persoal do centro, familias e alumnado. • Xestionar a adquisición de material de protección necesario. 		
Membro 2	BIENVENIDO SUÁREZ SUÁREZ	Cargo	MESTRE de PT (coordinador COVID de E. Infantil)
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Colaborar na xestión e administración do material de protección. • Comunicar a aparición de algún caso á directora. • Difundir a información ao profesorado, ás familias e ao alumnado.. • Elevar as propostas do equipo de profesorado de E. Infantil. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de Infantil. 		
Membro 3	ANA MARÍA CARBALLEIRA MACEIRAS	Cargo	MESTRA de AL (coordinadora COVID de E. Primaria)
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Difundir a información ao alumnado, profesorado de Primaria e ás familias. • Xestionar o plan de acollida ao alumnado e ás familias, tendo en conta as diferentes situacións emocionais vividas. • Comunicar a aparición de algún caso á coordinadora. • Elevar as proposta do equipo do profesorado de E. Primaria. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de Infantil. 		

3. Centro de saúde de referencia			
Centro	CENTRO DE SAÚDE DE SANTA COMBA	Teléfono	881546301 881546302

4. Espazo de illamento (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe)	
<ul style="list-style-type: none"> • Aula nº29 situada na planta de arriba.(2ª aula de PT). Dotada con solución hidroalcohólica, papeleira de pedal, máscaras, panos desbotables, luvas, termómetro e líquido desinfectante. 	
 <p>Clic na imaxe para agrandar</p>	

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

5.	Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o número total)
Educación Infantil(4º A)	18
Educación Infantil(4º B)	18
Educación Infantil(5º A)	19
Educación Infantil(5ºB)	19
Educación Infantil(6º A)	21
Educación Infantil(6ºB)	21
Total alumnado E. Infantil	116
Educación Primaria (1ºA)	24
Educación Primaria (1ºB)	24
Educación Primaria (2ºA)	24
Educación Primaria (2ºB)	24
Educación Primaria (3ºA)	20
Educación Primaria (3ºB)	20
Educación Primaria (3ºC)	21
Educación Primaria (4ºA)	23
Educación Primaria (4ºB)	22
Educación Primaria (5ºA)	24
Educación Primaria (5ºB)	25
Educación Primaria (6ºA)	19
Educación Primaria (6ºB)	19
Total alumnado E. Primaria	289

6.	Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos)
TITORAS INFANTIL	6
MESTRAS DE APOIO DE INFANTIL	2
TITORAS/ES PRIMARIA	12
ESPECIALISTAS DE LINGUA INGLESA	3
ESPECIALISTA DE LINGUA FRANCESA	1
ESPECIALISTA DE MÚSICA	1
ESPECIALISTA DE RELIXIÓN CATÓLICA	1
ESPECIALISTAS DE E. FÍSICA	2
ESPECIALISTAS DE PT	4
ESPECIALISTA DE AL	1
ORIENTADORA	1
PERSOAL NON DOCENTE	12

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

7. Determinación dos grupos estables de convivencia (engadir unha táboa por grupo)

Etapa	E. INFANTIL			Nivel	4º	Grupo	A
Aula 11		Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado		7	

Etapa	E. INFANTIL			Nivel	4º	Grupo	B
Aula 9		Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado		7	

Etapa	E. INFANTIL			Nivel	5º	Grupo	A
Aula 10		Nº de alumnado asignado	19	Nº de profesorado asignado		7	

Etapa	E. INFANTIL			Nivel	5º	Grupo	B
Aula 7		Nº de alumnado asignado	19	Nº de profesorado asignado		7	

Etapa	E. INFANTIL			Nivel	6º	Grupo	A
Aula 12		Nº de alumnado asignado	21	Nº de profesorado asignado		7	

Etapa	E. INFANTIL			Nivel	6º	Grupo	B
Aula 8		Nº de alumnado asignado	21	Nº de profesorado asignado		7	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	1º	Grupo	A
Aula 15		Nº de alumnado asignado	24	Nº de profesorado asignado		9	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	1º	Grupo	B
Aula 16		Nº de alumnado asignado	24	Nº de profesorado asignado		9	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	2º	Grupo	A
Aula 17		Nº de alumnado asignado	24	Nº de profesorado asignado		9	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	2º	Grupo	B
Aula 18		Nº de alumnado asignado	24	Nº de profesorado asignado		9	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	3º	Grupo	A
Aula 42		Nº de alumnado asignado	20	Nº de profesorado asignado		9	

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	3º	Grupo	B
Aula 41		Nº de alumnado asignado	20	Nº de profesorado asignado		9	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	3º	Grupo	C
Aula 43		Nº de alumnado asignado	21	Nº de profesorado asignado		9	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	4º	Grupo	A
Aula 36		Nº de alumnado asignado	23	Nº de profesorado asignado		9	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	4º	Grupo	B
Aula 37		Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado		9	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	5º	Grupo	A
Aula 34		Nº de alumnado asignado	24	Nº de profesorado asignado		9	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	5º	Grupo	B
Aula 35		Nº de alumnado asignado	25	Nº de profesorado asignado		9	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	6º	Grupo	A
Aula 33		Nº de alumnado asignado	19	Nº de profesorado asignado		9	

Etapa	E. PRIMARIA			Nivel	6º	Grupo	B
Aula 32		Nº de alumnado asignado	19	Nº de profesorado asignado		9	

8.	Medidas específicas para grupos estables de convivencia (con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e grupo)						
<ul style="list-style-type: none"> • Todo o alumnado de EI e EP formará grupos estables accederá ao centro con unha máscara tendo outra de reposto gardada nunha bolsa co seu nome. • Os grupos estables empregarán a máscara nos espazos comúns e nos recreos, así como nas entradas e saídas. <p>GRUPOS ESTABLES DE E. INFANTIL:</p> <p>Teremos en conta a dificultades de abordar esta etapa desde o punto de vista da seguridade e da saúde. Dentro da aula estableceremos as seguintes medidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Para cada subgrupo de cada grupo estable estableceranse recantos de xogo estables e rotatorios por días. Desinfectaranse logo de cada uso. • A máscara na aula de referencia non será obrigatoria ata os 6 anos, pero si recomendable o seu uso atendendo á idade e características deste alumnado. • Nos recreos os grupos estables respectaran sempre a mesma zona asignada. • Usarán un mandilón que deberá vir posto da casa identificado co nome e grupo do alumno/a. Aquel alumnado que sexa usuario de transporte debe traer cosido no mandilón e ben visible en fondo branco 							

e con letras negras o número da ruta correspondente. O alumnado non usuario de transporte deberá tamén traer cosido no mandilón, en fondo amarelo e ben visible e en letras negras, a palabra casa. Os nenos que vaian a tardes deben engadir a palabra tardes no mandilón.

- O alumnado usuario de autobús deberá saír do centro coa súa ruta. Se un día concreto non queren facer uso do transporte será un familiar autorizado quen o recolla na saída do colexio antes de entrar no autobús solicitándollo á persoa acompañante.
- O alumnado accederá con máscara á aula.
- Colocarán as súas prendas nos percheiros e organizarase o material.
- Terán unha bolsa co seu nome para gardar a máscara cando non sexa necesario o seu emprego, e colocaran na mochila.
- Relacionaranse entre eles/as de modo estable sen deixar distancia mínima e limitando o contacto con outros grupos do centro.
- Utilizarán sempre a aula de referencia agás na materia de psicomotricidade e atención educativa.
- Os apoios pedagóxicos e reforzos do grupo levaranse a cabo na aula de referencia por norma xeral.
- O número de docentes que atenda a este alumnado será o mínimo posible.
- A distribución das mesas vén determinada pola propia forma do mobiliario. A distancia entre as mesas dos subgrupos estables será de 1,5m.
- Eliminarase todo aquel mobiliario ou material innecesario coa finalidade de aumentar a superficie útil da aula.
- Aqueles materiais e xoguetes nos que a desinfección non poida ser a axeitada, gardaranse.
- Non se prestará material nin xoguetes entre clases distintas.
- Cada alumna/o ocupará sempre a mesma mesa que estará sinalizada co nome e unha fotografía da nena/o.
- Ao asignar mesa do alumnado terase en conta ao alumnado de NEAE que van recibir apoio dentro da aula para que haxa espazo suficiente para o profesorado que o atende.
- Non se moverán as mesas nin as cadeiras durante todo o día.
- Ventilarse o máximo número de veces posible seguindo o punto 4.2 do [PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022](#)
- Cada subgrupo estable dentro da aula terá o seu kit básico de material de traballo.
- Existirán zonas ben diferenciadas para que o alumnado poida gardar o seu material.
- Cando sexa necesario empregar material común, distribuirase en caixas ou gabetas para cada grupo e terá que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.
- Se é preciso que o alumnado use o encerado, realizarase unha desinfección previa e posterior con xel hidroalcolico.
- Todo mestre/a de apoio ou especialista que entre na aula fará unha correcta desinfección e usará máscara.
- A cada aula de EI só poderá acceder o persoal que traballe nesa aula ou as mestras ou mestres de garda de substitución. Tentarase que estas gardas as faga o profesorado que imparta nestes niveis na medida do posible.
- O alumnado de atención educativa será atendido pola mestra/e titor/a na aula de relixión(por regra xeral do centro son un menor número).
- As familias non accederán nunca ás aulas.
- Durante o período de adaptación un membro da familia con máscara e gardando a distancia de seguridade acompañará á nena/o ata a porta da entrada principal e esperarán alí a que a mestra/e os recolla e entregue nesa porta.
- Aínda en contra desta etapa educativa, priorizaranse as actividades individuais fronte ás colectivas.
- Non serán aconsellables as actividades de reparto de material por parte do alumnado.
- Cada alumna/o deberá traer a súa botella de auga debidamente identificada e que gardará na mochila ou bolsa da merenda colgada na cadeira.
- A merenda será na aula.
- O recreo será por zonas respectando os grupos estables.
- Desinfectarán as mans cada vez que entren e saian da aula e ao rematar a xornada escolar.
- Só poderá ir ao baño asignado unha alumna/o de cada vez. Excepto no baño do lateral da aula de música que poderán ir 2.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

GRUPOS ESTABLES DE 1º a 6º NIVEIS DE E. PRIMARIA:

O protocolo a levar a cabo nestes grupos será o mesmo que para o alumnado de E. Infantil coa diferenza de que empregarán sempre a máscara.

As medidas a levar a cabo son:

- O alumnado traerá unha bolsa para gardar a máscara e unha máscara de reposto.
- Establecerase a distancia interpersonal de 1,5 m nas circulacións polo centro, que serán sempre pola dereita.
- Empregarase a máscara todo o tempo e en todos os espazos.
- Limpeza de mans con xel hidroalcohólico na aula e xabón nos baños.
- Retirarase o mobiliario da aula non indispensable para ter o máximo espazo posible.
- Con carácter xeral non se aplicarán criterios de limitación de distancia, pero sí o conservar sempre o mesmo posto, que estará mirando cara o mestre.
- Ventilarase antes do inicio da xornada, nos cambios de clase, durante o recreo, ao finalizar a xornada e procurarase ter as ventás abertas sempre que as condicións atmosféricas o permitan.
- Os especialistas impartirán a súa materia na aula do grupo, agás E. Física e Música.

9. Canle de comunicación (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias)

PROFESORADO:

- Vía telefónica (centro ou coordinadora do equipo COVID) 881866918/ 881866916
- Correo electrónico: ceip.barrie.maza@edu.xunta.es

ALUMNADO:

- Vía telefónica chamando ao centro: 881866918/ 881866916

10. Rexistro de ausencias (procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado)

- REXISTRO DE AUSENCIAS DO ALUMNADO: Será responsable o titor/a utilizando a canle de rexistro no XADE. As ausencias do alumnado por COVID non computan á hora de establecer un protocolo de absentismo.
- En caso de sospeita da COVID comunicarase a/o coordinador/a da etapa (Infantil, Primaria ou coordinadora COVID).
- REXISTRO DE AUSENCIAS DO PERSOAL: Será responsable a xefa de estudos.

11. Comunicación de incidencias (procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas)


- RESPONSABLE: Directora do centro (coordinadora COVID)
- CANLE: aplicación [EDUCOVID](#)
 - Aviso á coordinadora COVID 19.
 - A partir de aquí, establecerase a comunicación coas autoridades sanitarias e coa familia do afectado a través da CSC ou da coordinadora COVID

Id. Medidas xerais de protección individual

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

- 12. Situación de pupitres** (croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croque xenérico que sexa reproducibile nos restantes espazos e identificación da posición do profesorado)

En función dos grupos estables de convivencia pode verse na fotografía xenérica a distribución dos espazos.



- 13. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos** (cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas e identificación de espazos ou salas para asignar a grupos)

As especialidade impartiranse nas aulas agás:

- Psicomotricidade que se fará na aula 6 en E. Infantil e/ou zonas exteriores.
- EF de 1º a 6º de EP que ademais será sempre que sexa posible no exterior ou no pavillón e/ou ximnasio e Música de 3º a 6º de EP.
- A aula multisensorial (nº 19) fará as función de aula de Ed. Especial e cambiador para a alumnado con NEE.
- A aula de E Especial (nº 6) transformarase na aula de Psicomotricidade.
- Todas a aulas disporán de xel hidroalcolico, líquido desinfectante, panos desbotables e papeleira de pedal.
- As intervencións de PT e AL serán nas aulas e nos despachos correspondentes dotados con material COVID (hidroxel, virucida para desinfectar mesas e outros materiais, panos desbotables, papeleira de pedal, viseiras,....)
- Todas as aulas teñen ventilación.

- 14. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación** (determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan, pódese utilizar un semellante ao que figura no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021)

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas adoptamos as seguintes medidas:

- Emprego da máscara.
- Aconséllase ao profesorado destas especialidades que empreguen viseiras protectoras.
- Entre cada sesión con presenza de alumnado nesta aulas realizarase unha ventilación de dez minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.

- 15. Tutorías coas familias** (determinación dos xeitos de realizar tutorías coas familias)

As tutorías coas familias levaranse a cabo prioritariamente a través dos seguintes medios:

- Virtual: a través da plataforma que oferte a Consellería.
- Chamada telefónica no 881866918/ 881866916.
- Presencial: cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a tutoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección.
- Todos os asistentes á tutoría levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

- En todos os casos será obrigatoria a cita previa empregando calquera destas canles (abalar móbil, axenda do alumnado ou teléfono).

16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello...)

Reforzaranse as vías de comunicacións dixitais, polo que a web do centro pasará a ser o portal onde se colgue toda a información de relevancia a nivel xeral.

- Como sistema de mensaxería empregaremos abalar móbil. É moi importante que todas as familias descarguen a aplicación para reducir as comunicacións alleas e esta canle.
- Outra vía será a chamada telefónica ao 881866918/ 88866916 ou o correo electrónico ceip.barrie.maza@edu.xunta.es.
- A comunicación co persoal do Consello faise por teléfono ou mail.
- A información cos provedores realízase habitualmente por mail ou teléfono, e seguiremos a empregar estas vías.
- Salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requirida polo propio centro, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo. O centro establecerá horarios específicos para a atención das familias non coincidentes con horarios de entrada e saída nin con intercambios de clase ou recreos.

17. Uso da máscara no centro

- Todo o alumnado a partir de 6 anos empregará a máscara en todo momento desde a entrada ata a saída do centro, só se sacará no comedor escolar no momento da comida, colocarana ao rematar, despois da desinfección de mans e antes de saír ao patio.
- O alumnado de El usará a máscara nas entradas, saídas, nos patios, corredor, comedor escolar e en todos os desprazamentos polo centro.
- Non se permitirá o acceso ao centro a ningunha persoa que veña sen máscara. É obrigatorio o uso para todas as persoas a partir de 6 anos.
- As familias e persoas alleas ao centro extremarán a hixiene á entrada e saída do centro, gardarán o uso de máscara e distancia de seguridade.

18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

O plan difundirase a través da web do centro.

- Para dar a coñecelo á Comunidade Educativa, realizarase publicación do documento na web.

Id. Medidas de limpeza

19. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente

- Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día.
- Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente (pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas... así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos) e no caso dos aseos de polo menos dúas veces na xornada (persoa que limpa no horario lectivo). En todo caso nos aseos existirá xaboeiras ou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios obrigatoriedade. O persoal de tarde volverá a facer unha limpeza os aseos en último lugar.
- Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.
- Usarán máscara e luvas obrigatoriedade.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

- Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da "etiqueta respiratoria" sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.
- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).
- No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

20. Distribución horaria do persoal de limpeza (distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas —no caso de que existan dúas ou máis persoas de limpeza polo menos unha delas realizara o seu traballo en horario de mañá—) (non incluír datos de carácter persoal)

Terá que haber polo menos unha persoa da limpeza durante todo o período lectivo e no período de comedor escolar.

- En xornada continuada: horario de 8:45 a 15:45

Unha vez remate o período lectivo continuarán as outras persoas enviadas coa limpeza xeral do centro na súa xornada laboral: 15:45 a 22:45.

- En xornada partida: horario de 9:15 a 16:15. As persoas da tarde non seu horario habitual do centro.

Unha vez remate o período lectivo continuarán as outras persoas enviadas coa limpeza xeral do centro na súa xornada laboral: 15:45 a 22:45.

21. Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza

- Todo o persoal de limpeza empregará os elementos de protección obrigados para levar a cabo este labor, como son as luvas e a máscara. Aconséllase o emprego de elementos de protección ocular, ben sexan lentes ou pantallas.
- En cada baño existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán as horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levarlos a cabo.

22. Cadro de control de limpeza dos aseos

En cada baño haberá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán as horas ás que se realizaron os labores de limpeza e a persoa encargada de levarlos a cabo. (ver anexo do punto 22)

23. Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula)

En todas as aulas do centro haberá unha folla onde se apunten as ventilacións das aulas.

- A primeira ventilación do día realizarase antes da entrada do alumnado polo conserxe.
- O resto da xornada lectiva este labor será responsabilidade do profesorado de cada curso, que antes de cada cambio de clase deberá facer a ventilación e apuntala no modelo de rexistro (ver anexo do punto 23)

24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos

- En todos os espazos do centro haberá unha papeleira específica diferenciada con tapa e pedal para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras,..)
- O resto de papeleiras terán o uso habitual para separar o lixo: papel, envases de plástico e lixo en xeral (labras de lapis, residuos que non sexan de reciclaxe, ...).

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

- A xestión dos residuos das papeleiras específicas será tratado dun xeito distinto, evitando a súa mestura co lixo xeral para evitar risco ao persoal de limpeza.

Id. Material de protección

25. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro

- A persoa que exerza a secretaría será a responsable de inventariar todo o material de protección que dispón o centro. Para iso, crearase un apartado específico denominado “material covid 19”.
- A Consellería realizará un aprovisionamento inicial de elementos de sinalización e máscaras de protección. Corresponde ao equipo formado na COVID-19, en colaboración coa secretaría do centro, o inventario das mesmas e arbitrar un mecanismo de distribución que acredite a súa entrega e o seu consumo para a actividade propia do centro.

26. Determinación do sistema de compras do material de protección

- Unha vez recibida a dotación inicial por parte da consellería o centro garantirá a existencia de máscara suficientes para as posibles contingencias que poidan xurdir.
- Haberá unha dotación delas en dirección.
- Corresponde ao centro educativo, con cargo aos seus gastos de funcionamento, suplir o aprovisionamento de equipos de protección que non sexan centralizados pola consellería, en especial xel hidroalcolico e os seus dispensadores, panos desbotables, materiais de limpeza e desinfección, papeleiras de pedal, impresión de cartelería e, cando resulten insuficientes, máscaras de protección.
- Outro material de protección, pero cun emprego máis específico e limitado, serán as luvas de látex ou nitrilo, que estarán colocadas na caixa de primeiros auxilios existente no colexio.
- En canto ao xel hidroalcolico e ao líquido desinfectante terase sempre remanente.
- Corresponde ao equipo COVID en colaboración coa secretaría do centro distribuír ou organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos.

27. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

- Ao principio do curso realizarase unha entrega a cada membro do cadro de persoal do centro de material enviado pola consellería. Este material será entregado pola coordinadora covid ou persoas que ela designe.
- En cada aula e espazo do dentro haberá un dispensador de xel para a desinfección das mans, un difusor para a limpeza de mesas e outros elementos, panos hixienizantes para teclado e outros utensilios e papeleiras de pedal.
- persoal de limpeza será o encargado de facer as reposicións do xel e de comunicar á dirección a necesidade de adquisición do mesmo.
- Nos baños haberá panos desbotables que se repoñerán xunto co xabón líquido dos dispensadores.

Id. Xestión dos gromos

28. Medidas (a determinación das medidas pode ser referida á xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao plan de contingencia)

- No contexto deste protocolo, defínese gromo como a aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación nun determinado lugar, sendo sinónimo de abrocho ou brote.
- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19,

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.

- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: "Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos", e das Instrucións publicadas o días 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade. En virtude da mesma:
- Levarase a un espazo separado de uso individual, colocáraselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado) de acordo coas pautas establecidas no Plan de Continxencia do centro, e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso o equipo COVID do centro incluirán a rede de contactos a través da aplicación EDUCOVID.
- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluirá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.
- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

29.	Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa (deben determinarse a/s persoa/s que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa) (indicar unicamente cargo desempeñado e non incluír nome)
------------	--

A persoa responsable de realizar as comunicacións será a directora do centro, e na súa ausencia, a xefa de estudos e membros do equipo COVID.

Id.	Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade
------------	---

30.	Procedemento de solicitudes (canle de petición das solicitudes de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso, de persoal substituto)
------------	---

Atendendo ao apartado 9 do protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

ANEXO III. Solicitud dirixida á dirección do centro expresando que concorren as causas para considerar ao traballador/a como grupo vulnerable e ser considerado persoal sensible.

ANEXO IV. Emisión por parte da dirección do protocolo indicando as tarefas, condicionantes específicos e medidas de protección existentes no centro que serán remitidas xunto coa solicitude á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial.
Permanencia do traballador/a no centro ata que se determine o seu caso.

Análise da solicitude por parte da Inspección Médica Educativa.
Solicitude por parte da IME ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais de informe complementario
Solicitude ao traballador por parte da Inspección Médica Educativa a través do correo electrónico de documentación acreditativa que será remitida nun prazo de 3 días hábiles.

Dítame por parte do Servizo de Inspección Médica.

Concorre sensibilidade

Non concorre sensibilidade podendo realizar a actividade de xeito presencial.

Adaptación do posto de traballo

Incapacidade laboral

Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do centro: ceip.barrie.maza@edu.xunta.gal

- Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación será enviada vía mail á xefatura territorial correspondente, en espera da resolución da mesma.
- Se procede, tramitarase a solicitude de persoal substituto na aplicación persoal centros, reflectindo no apartado observacións a casuística.

Id. Medidas de carácter organizativo

31. Entradas e saídas (determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo, de ser o caso, os das distintas etapas educativas; no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)

- O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é evitar as aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas.
- O éxito deste plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos, tanto polas familias como polo profesorado.
- **IMPORTANTE: TODAS AS FAMILIAS, PROFESORADO E PERSOAL NON DOCENTE, DEBERÁN COMPROBAR O SEU ESTADO DE SAÚDE ANTES DE ACUDIR AO CENTRO SEGUNDO O ANEXO I DO PROTOCLO COVID. PÓDESE VER AO FINAL DESTE DOCUMENTO.**
Ademais todas as familias deberán entregar cuberta a declaración responsable que tamén atoparán ao final deste documento.
- O horario de entrada do profesorado será 5 minutos antes da entrada do alumnado. O profesorado titor/a irá sempre a súa aula e agardará a chegada gradual do alumnado. Aos demais mestres e mestras asignaráselle uns lugares de garda fixos. Unha vez entre todo o alumnado os/as mestres/as especialistas dirixiránse as aulas nas que teña clase saíndo o titor/a cando corresponda.
 - **Na xornada continuada** flexibilizarase a última sesión da mañá de para poder facer 2 quendas de comedor.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

- **Na xornada partida** flexibilizarse ás últimas sesións para poder asistir á primeira quenda do comedor. Flexibilizarase a última sesión da tarde para todo o alumnado para adaptarnos ao horario do transporte escolar.
- Por norma xeral as familias non accederán ao interior do centro.
- O alumnado que acuda ao servizo de Concilia (madrugadores) accederá ás aulas atendendo ao horario do alumnado transportado.
- O alumnado que acuda a Concilia (tardes divertidas)
 - **Na xornada continua e partida** será recollido polo persoal monitor na zona de concilia do patio.
- O alumnado que queira usar o servizo de Concilia (tardes divertidas) e non sexa usuario de comedor non poderá acceder ao centro ata as 15:30 ata que marches os transportes, polo portalón do patio.
- **Os horarios de comedor** serían os seguintes:
 - 1ª Quenda (EI)
 - **Xornada continuada: De 13:00 a 13:45**
 - **Xornada partida: 13:00 a 13:45**
 - 2ª Quenda (EP)
 - **Xornada continuada: De 14:00 a 14:45**
 - **Xornada partida: De 14:00 a 14:45**

ALUMNADO USUARIO DE TRANSPORTE ESCOLAR			
ENTRADAS (Portalón)		SAÍDAS (Portalón)	
<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>	<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>
08:50 a 09:00	09:20 a 09:30	15:30	16:15 16:30 (os luns)

O alumnado usuario de transporte

ENTRADA AO CENTRO

- O alumnado transportado baixará dos autobuses de xeito escalonado e sen aglomeracións supervisados pola/o acompañante do bus ata o portalón da entrada, esa persoa será encargada de botarlle xel hidroalcolóxico. Farano por orde da chegada das rutas, as acompañantes non deixarán baixar ao alumnado dun bus ata que o anterior teña entrado.
- Accederá ao centro sen deterse no patio, de xeito gradual e tendo en conta as medidas hixiénicas e de distancia establecidas (1.5 m).
 - E Infantil:
 - Os grupos B acceden pola porta 1.
 - Os grupos A acceden pola porta 2 usando a rampla.
 - EP:
 - 1º/2º non accede polo patio cuberto. Entrarán pola porta 4 (irán pola rampla dos baños exteriores pegados á baranda).
 - 3º/4º/5º/6º non accede polo patio cuberto. Entrarán pola zona central do patio e subirán polas escaleiras ata a porta 3.

SAÍDA DO CENTRO

- Tanto para EI como EP para saír **na xornada continua** as colaboradoras aplicaranlles xel hidroalcolóxico nas mans mentres están nas filas do autobús. Sairán escalonadamente polo portalón supervisados polas acompañantes de transporte comezando dende a ruta 9 a 1.
- **Na xornada partida** o profesorado administrará xel nas mans do alumnado antes de baixar ao patio e acompañará ao alumnado transportado as súas filas de transporte, entregará ao non transportado. Rematada a entrega do alumnado non transportado reincorporarase á garda de patio para a saída dos buses.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

ALUMNADO NON TRANSPORTADO E USUARIO DE COMEDOR			
ENTRADAS El: porta principal EP: portalón		SAÍDAS El: porta principal EP: portalón	
<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>	<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>
09:00 a 09:10	09:30 a 09:40	3 anos A do 9 ao 21 de setembro consultar horario de período de adaptación. A partir do 21 de setembro ás 13:35	Educación Infantil Sairán de 15:45 a 16:05 Secuencialmente de 3 a 5 anos por esa orde (Os luns de 16:00 a 16:20)
		3 anos B do 9 ao 21 de setembro consultar horario de período de adaptación. A partir do 21 de setembro ás 13:35	
		13:40 - 4 anos A	
		13:45 - 4 anos B	
		13:50 - 5 anos A	
		13:55 - 5 anos B	
		14:40 - 1ªA	Educación Primaria Sairán de 16:05 a 16:15 (Os luns de 16:20 a 16:30) Sairán primeiro 1º, 2º e 3º e despois 4º, 5º e 6º
		14:40 - 1ªB	
		14:45 - 2ªA	
		14:45 - 2ªB	
		14:50 - 3ªA	
		14:50 - 3ªB	
		14:50 - 3ªC	
		14:55 - 4ªA	
		14:55 - 4ªB	
		15:00 - 5ªA	
		15:00 - 5ªB	
		15:05 - 6ªA	
15:05 - 6ªB			

ENTRADA AO CENTRO

- As familias non accederán ao interior do centro.
- O alumnado non transportado entrará de xeito escalonado e sen aglomeracións.
- O profesorado de garda do portalón e da porta principal aplicaralles xel hidroalcohólico nas mans e accederán de xeito gradual ao centro sen deterse dirixíndose directamente ás aulas, e tendo en conta as medidas hixiénicas e de distancia establecidas (1.5 m).
 - E Infantil:
 - Entrarán pola **porta principal** (zona de conserxería). Poderán vir acompañados dunha persoa ata a porta.
 - EP (**acceso polo portalón**):
 - 1º/2º non accede polo patio cuberto. Entrarán pola **porta 4** (irán pola **rampla dos baños exteriores pegados á baranda**).
 - 3º/4º/5º/6º non accede polo patio cuberto. Entrarán pola **zona central do patio e subirán polas escaleiras ata a porta 3**.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

SAÍDA DO CENTRO

Ao haber dúas quendas de comedor establécese para cada grupo o seu horario específico de saída (Ver táboa superior).

Xornada continua

- E Infantil:
 - Sairán pola porta principal (zona de conserxería) en base ao horario facilitado no cadro anterior. Irán acompañados das mestras/es que teñan con eles a última hora.
 - Poderá acceder unha persoa por familia ata a porta principal. Antes da entrega as persoas responsables da mesma aplicaranlles xel nas mans.
- E Primaria:
 - 1º a 6º de EP** saíran polo portalón no horario establecido no cadro superior acompañados da colaboradora de garda.

Xornada partida

- E Infantil:
 - Sairán pola porta principal (zona de conserxería) en base ao horario facilitado no cadro anterior. Irán acompañados das mestras/es que teñan con eles a última hora. Estará un mestre de garda no corredor que vixiará ao alumnado que quede na aula ata que o mestre/a que acompañou regrese.
- E Primaria:
 - 1º a 6º de EP:** Sairán de 16:05 a 16:15 (Os luns de 16:20 a 16:30) Sairán primeiro 1º, 2º e 3º e despois 4º, 5º e 6º acompañadas e acompañados pola mestra ou mestre da última sesión.

Poderá acceder unha persoa por familia ata o portalón.

As familias evitarán facer aglomeracións nos exteriores do centro. Deberán aproveitar eses espazos gardando as distancias de seguridade. Abandoarán o recinto en canto reciban aos seus fillo/a/os/as.

ALUMNADO NON TRANSPORTADO E NON USUARIO DE COMEDOR

ENTRADAS EI: porta principal EP: portalón		SAÍDAS EI: porta principal EP: portalón		
<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>	<i>Xornada continuada ENTREGA ÁS FAMILIAS</i>	<i>Xornada partida</i>	
09:00 a 09:10	MAÑÁ 09:30 a 09:40 TARDE 15:05 15:15 (os luns)	3 anos A consultar horario de período de adaptación 13:05	IR A XANTAR PARA CASA	ENTREGA DA TARDE PARA CASA
		3 anos B consultar horario de período de adaptación 13:05		
		13:10- 4 anos A	3 anos A/B e 13:00 irán saíndo secuencialmente	Sairán de 15:45 a 16:05 Secuencialmente de 3 a 5 anos por esa orde (Os luns de 16:00 a 16:20)
		13:10 – 4 anos B		
		13: 15- 5 anos A		
		13:15- 5 anos B	4 anos A/B 13:05 irán saíndo secuencialmente	5 anos A/B 13:10 irán saíndo secuencialmente
		Educación Primaria	Educación Primarira	

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

		<p>Irán baixando a partir da 13:50 secuencialmente.</p> <p>As familias agardarán diante do portalón.</p>	<p>1º - 2º - 3º - 4º - 5º - 6º</p> <p>Irán baixando a partir da 13:05 secuencialmente.</p> <p>As familias agardarán diante do portalón.</p>	<p>Sairán de 16:05 a 16:15 (Os luns de 16:20 a 16:30)</p> <p>Sairán primeiro 1º, 2º e 3º e despois 4º, 5º e 6º</p>
			<p>Hora de volta ao centro pola tarde: accederá ás 15:00 h polas súas respectivas portas. (luns ás 15:15). Incluiranse nos seus grupos de convivencia de patio.</p>	

ENTRADA AO CENTRO

- As familias non accederán ao interior do centro.
- O alumnado non transportado entrará de xeito escalonado e sen aglomeracións.
- O profesorado de garda do portalón e da porta principal aplicaralles xel hidroalcohólico nas mans e accederá de xeito gradual ao centro sen deterse dirixíndose directamente ás aulas, e tendo en conta as medidas hixiénicas e de distancia establecidas (1.5 m).
 - E Infantil:
 - Entrarán pola porta principal (zona de conserxería). Poderán vir acompañados dunha persoa ata a porta.
 - EP (**acceso polo portalón**):
 - 1º/2º non accede polo patio cuberto. **Entrarán pola porta 4 (irán pola rampla dos baños exteriores pegados á baranda).**
 - 3º/4º/5º/6º non accede polo patio cuberto. **Entrarán pola zona central do patio e subirán polas escaleiras ata a porta 3.**

SAÍDA DO CENTRO

Xornada continua

Ao haber dúas quendas de comedor establécese para cada grupo o seu horario específico de saída.

- E Infantil:
 - Sairán pola porta principal (zona de conserxería) en base ao horario facilitado no cadro anterior. Poderá acceder unha persoa por familia ata a porta principal. Antes de saír as persoas responsables da entrega aplicarannles xel nas mans.
- E Primaria:
 - Sairán polo portalón (zona de conserxería) en base ao horario facilitado no cadro anterior. Poderá acceder unha persoa por familia ata o portalón. Antes de saír as persoas responsables da entrega aplicarannles xel nas mans.

Xornada partida

- E Infantil:
 - Sairán pola porta principal (zona de conserxería) en base ao horario facilitado no cadro anterior. Irán acompañados das mestras/es que teñan con eles a última hora. Estará un mestre de garda no corredor que vixiará ao alumnado que quede na aula ata que o mestre/a que acompañou regrese.
- E Primaria:
 - **1º a 6º de EP:** baixará todo o grupo secuencialmente segundo o horario do cadro superior acompañados pola mestra/e que imparta na última sesión. Entregarase primeiro ao alumnado non transportado á mestra/e de garda, mentres o alumnado transportado se coloca nas súas rutas.
 - **Hora de volta ao centro despois de xantar:** accederá ás 15:00 h polas súas respectivas portas. (luns ás 15:15). Incluiranse nos seus grupos de convivencia de patio.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

32.	Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo (determinación das portas de entradas e saídas, as circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc. —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os sentidos de circulacións, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)
	<ul style="list-style-type: none"> A circulación no centro educativo será sempre pola dereita. Estará delimitado con frechas.

33.	Cartelería e sinalética (previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa colocación)
	<ul style="list-style-type: none"> O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual. Nas aulas e aseos reforzase a información sobre hixiene individual. Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo. No caso de ter unha mesa longa ou espazosa asignaranse mediante sinalética os espazos que poden utilizarse separados por unha distancia de entre 1 e 1,5 metros. Para o xogo en recantos (ambientes) delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo e como dos materiais. Estes materiais non serán de moitas pezas e serán de fácil desinfección. Aconséllase eliminar xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios.

34.	Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado
------------	--

ALUMNADO USUARIO DE TRANSPORTE ESCOLAR			
ENTRADAS (Portalón)		SAÍDAS (Portalón)	
<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>	<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>
08:50 a 09:00	09:20 a 09:30	15:30	16:15 16:30 (os luns)

O alumnado usuario de transporte

ENTRADA

- O alumnado transportado baixará dos autobuses de xeito escalonado e sen aglomeracións supervisados pola/o acompañante do bus ata o portalón da entrada.
- Seguidamente o profesorado de garda aplicarlles xel hidroalcohólico nas mans e accederá ao centro sen deterse no patio, de xeito gradual e tendo en conta as medidas hixiénicas e de distancia establecidas (1.5 m).
- E Infantil:
 - Os grupos B acceden pola porta 1.
 - Os grupos A acceden pola porta 2 usando as escaleiras.
- EP:
 - 1º/2º non accede polo patio cuberto. Entrarán pola porta 4 (irán pola rampla dos baños exteriores pegados á baranda).
 - 3º/4º/5º/6º non accede polo patio cuberto. Entrarán pola zona central do patio e subirán polas escaleiras ata a porta 3.

SAÍDA

- Tanto para EI como EP para saír **na xornada continua** as colaboradoras aplicaranlles xel hidroalcohólico nas mans mentres están nas filas do autobús. Sairán escalonadamente polo portalón supervisados polas acompañantes de transporte comezando dende a ruta 9 a 1.
- Na xornada partida** o profesorado administrará xel nas mans do alumnado antes de baixar ao patio e acompañará ao alumnado transportado as súas filas. Agardará aí ata que saian supervisados polas

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

acompañantes de transporte farano de xeito gradual e tendo en conta as medidas hixiénicas e de distancia establecidas (1.5 m).

- E Infantil:
 - Os grupos B sairán pola porta 1.
 - Os grupos A sairán pola porta 2 usando a rampla.
- EP:
 - 1º/2º non sae polo patio cuberto. Saen pola porta 4 (irán pola rampla dos baños exteriores pegados á baranda) para colocarse nas liñas de ruta de autobús.
 - 3º/4º/5º/6º non sae polo patio cuberto. Sairán pola porta 3 baixando polas escaleiras e usando a zona central do patio para colocarse nas liñas de ruta de autobús.
- Este alumnado será o último en abandonar en filas, no patio cuberto, tendo en conta as medidas hixiénicas e de distancia establecidas (1.5 m). Irán saíndo escalonadamente baixo a supervisión da/o acompañante de transporte. O profesorado de garda ou as colaboradoras de comedor supervisarán o mantemento destas medidas.
- O alumnado transportado subirá aos autobuses de xeito escalonado e sen aglomeracións supervisados pola/o acompañante.

35. Asignación do profesorado encargado da vixilancia (só datos numéricos)

- Portalón: 2
- Escaleiras de patio: 1
- Porta 3 e 4: 1 (dentro do centro)
- Arriba das escaleiras accedendo polas portas 3 e 4: 1
- Altura de 6ºB: 1
- Porta principal: 2
- Patio cuberto: 1
- Porta 1: 1
- Porta 2: 1

Id. Medidas en relación coas familias e ANPA

36. Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada (previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada, as medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou o concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente plan)

O Plan Concilia, xestionado pola ANPA do centro, engloba os servizos de Madrugadores (dende as 07.30 ata o inicio da xornada) e Tardes Divertidas (a partir do fin da xornada escolar).

En ambos casos se tomarán as seguintes medidas:

No que respecta a hixiene:

- Instalaranse alfombras desinfectantes en cada unha das entradas de aulas e comedor (o material retirárase e colocárase de novo ao finalizar e iniciar cada xornada)
- O uso de máscara será obrigatorio para os nenos maiores 6 anos e o monitorado
- Poráanse a disposición dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada do colexio e en cada unha das aulas que se empreguen
- Contarase con máscaras de reserva
- Recomendase o emprego preferiblemente uso de máscaras hixiénicas ou cirúrxicas
- Realizarase desinfección das aulas previamente ao inicio das actividades diarias por parte do persoal de limpeza do concello.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

- Durante a xornada realizaranse as desinfeccións que sexan precisas coa colaboración do persoal da empresa contratada pola ANPA.
- A empresa desinfectará diariamente o material usado (xoguetes, utensilios de cociña, etc)
- Prohíbese o uso e porte de Peluches e similares pola dificultade á hora da desinfección diaria. Tampouco se permitirá portar xoguetes, cromos ou similares.

No que respecta a chegada ao servizo de madrugadores: O acceso realizarase pola entrada principal onde se fará pasar aos usuarios polas alfombras desinfectantes e hixienizar as mans ademais de tomarlles a temperatura. Os pais/nais/titores non poderán acceder ao centro senón que deberán avisar telefonicamente da súa chegada e un/ha monitor/a acudirá a recibir ao neno/a a entrada.

No que respecta a organización do servizo:

- Existirá 1 monitor por cada 10 usuarios/as
- Os usuarios distribuiranse en subgrupos de máximo 10 usuarios e situados en espazos ben diferenciados gardando a distancia de seguridade entre os usuarios.
- Cada subgrupo contará cun monitor/a o cal tentará ter o mínimo contacto con participantes doutros subgrupos.
- Empregaranse os seguintes espazos:
 - Aula Concilia (sala de xogos) (1 subgrupo)
 - Comedor (2 subgrupos)
 - Aula de Inglés da planta baixa
 - Aula de Inglés da primeira planta.
 - Pavillón, se fose posible, limitado a un máximo de 2 subgrupos simultaneamente e separados ambos de xeito que non interactúen entre si.
- Cada subgrupo utilizará algún dos baños da planta baixa.

No que respecta a entrega e recepción dos usuarios aos profesores: respectaranse os horarios establecidos para o programa Concilia.

O material do Concilia será adquirido polas persoas organizadoras.

Recollida do alumnado Concilia polas/os monitoras/es:

- Xornada Continua e partida: incorporaranse á zona de concilia do patio.

No que respecta a saída de tardes divertidas: Os pais/nais/titores deberán chamar aos monitores que lles farán entrega do neno/a pola saída do Portalón.

37. Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor (previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor, deberán ser coordinadas co organizador do servizo)

- No caso de habelas seguirán as indicacións do ANEXO VI do [PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022](#)

38. Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar

- As reunións do Consello Escolar serán preferentemente por vía telemática.
- As da ANPA serán por vía telemática.

39. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias

- As titorías serán preferentemente no seguinte horario, previa cita empregando para concertalas os seguintes medios: abalar móbil ou teléfono (no 881866918/ 881866916) ou axenda do alumno:

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

- El: martes de 13:15 a 14:15.
- 1º a 3º EP: mércores de 13:15 a 14:15.
- 4º a 6º de EP: xoves de 13:15 a 14:15.

Poden realizarse a través dos seguintes medios:

- Virtual: a través da plataforma que oferte a consellería.
- Chamada telefónica no 881866918/ 881866916.
- Presencial: segundo circunstancias pódense utilizar as titorías presenciais en casos excepcionais. Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo na aula da titoría correspondente e gardando a distancia social (1,5m). Todos os asistentes á titoría levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans.

40. Normas para a realización de eventos

- Debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que agrupen unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora da situación epidemiolóxica non se celebrarán actos masivos sempre tendo en conta a evolución da pandemia e os protocolos en canto a medidas de prevención e seguridade.
- As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre mantendo os grupos estables de convivencia.

Id. Medidas para o alumnado transportado

41. **Medidas** (establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado, de ser o caso, criterios de priorización para o uso do transporte)

ALUMNADO USUARIO DE TRANSPORTE ESCOLAR			
ENTRADAS (Portalón)		SAÍDAS (Portalón)	
<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>	<i>Xornada continuada</i>	<i>Xornada partida</i>
08:50 a 09:00	09:20 a 09:30	15:30	16:15 16:30 (os luns)

O alumnado usuario de transporte

ENTRADA

- O alumnado transportado baixará dos autobuses de xeito escalonado e sen aglomeracións supervisados pola/o acompañante do bus ata o portalón da entrada. O persoal acompañante de bus aplicaralles xel hidroalcolico.
- Accederá ao centro sen deterse no patio, de xeito gradual e tendo en conta as medidas hixiénicas e de distancia establecidas (1.5 m).
 - E Infantil:
 - Os grupos B acceden pola porta 1.
 - Os grupos A acceden pola porta 2 usando a rampla.
 - EP:
 - 1º/2º non accede polo patio cuberto. Entrarán pola porta 4 (irán pola rampla dos baños exteriores pegados á baranda).
 - 3º/4º/5º/6º non accede polo patio cuberto. Entrarán pola zona central do patio e subirán polas escaleiras ata a porta 3.

SAÍDA XORNADA CONTINUADA

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

- As colaboradoras xuntos co encargado de comedor e directora organizarán as rutas de transporte de xeito gradual tendo en conta as medidas hixiénicas e de distancia establecidas (1.5 m). Empezarán a saír pola ruta 9.
- O alumnado transportado subirá aos autobuses de xeito escalonado e sen aglomeracións supervisados pola/o acompañante.

Id. Medidas de uso do comedor

42. **Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado** (establecemento de quendas para o uso de comedor, determinación dos lugares ocupados polos comensais, priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro)

Debido ao elevado número de comensais no comedor escolar e á flexibilización permitida para E. Infantil na última hora, estableceríamos dúas quendas de comida para maximizar todo o posible a aplicación das normas de distanciamento de seguridade e hixiene. Pretendemos velar en todo momento pola saúde do alumnado e persoal do centro, non correndo riscos innecesarios e adaptando os espazos e tempos o máximo posible. Debemos ter en conta a situación nova e difícil que estamos a sufrir. Habilitaranse espazos anexos ao comedor para garantir a separación de grupos (sala de xogos e biblioteca).

- **1ª QUENDA:** para o alumnado **de E. Infantil** comerán antes do remate da xornada lectiva. Isto permitiría colocar cada grupo estable nunha mesa independente, deixando unha mesa de separación entre grupos.

- Os horarios de xantar son os seguintes:
 - **Xornada partida e continuada: De 13:00 a 13:45.**

A mestra ou mestre que teña clase co alumnado realizaralle a desinfección de mans e será a encargada/o de levar en ringleira **a todo o grupo**, por orde de lista, colocando ao alumnado con algunha intolerancia ou alerxia ao comezo da mesma ata o comedor. Unha vez feito isto encamiñaranse ás portas de entrega co alumnado non usuario de comedor. Para ir ao comedor, accederán ao patio cuberto polas súas portas correspondentes entrando ao comedor pola porta do patio.

Na **xornada continua** rematado o xantar o profesorado de EI que teña clase con eles, será o encargado de ir buscar ao alumnado non transportado para entregarllo as súas respectivas portas e horarios. Cando o profesorado remate de entregar ao alumnado non transportado, as colaboradoras de comedor acompañarán ao resto de alumnado (transportado e tardes divertidas) as súas respectivas zonas no centro.

Na **xornada partida** unha vez rematado o xantar sairán ao patio secuencialmente acompañados das colaboradoras de comedor que os acompañarán as súas zonas estables de convivencia.

- **2ª QUENDA:** para o alumnado de **1º a 6º de E Primaria**

- Os horarios de xantar son os seguintes:
 - **Xornada partida e continuada: De 14:00 a 14:45**

O alumnado estará en ringleiras por orde de lista colocando ás intolerancias e alerxias en primeiro lugar. O profesorado baixará ao comedor en orde con todo o grupo comezando por 6ºB e seguindo secuencialmente a orde das portas das aulas. Utilizarán as escaleiras próximas a 6ºB. Accederán ao comedor pola porta pegada a conserxería.

Dúas colaboradoras esperarán ao alumnado usuario ao lado da porta 1 recollendo ao grupo estable e o profesorado entregará ao alumnado non usuario de comedor ás familias saíndo pola porta 1 ata o portalón.

Na **xornada continua** ao rematar de xantar as colaboradoras dirixirán ao alumnado as súas respectivas zonas. O alumnado transportado agardará no comedor ata que as colaboradoras rematen a entrega do alumnado non transportado usuario de comedor. Unha vez entregado ese alumnado sairá ao patio o alumnado transportado as

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

súas zonas respectivas acompañado polas colaboradoras de comedor. 10 minutos antes da saída dos autobuses agruparán ao alumnado nas respectivas rutas.

NOTA: nesta xornada todo o alumnado baixa a comedor con todo o seu material xa non se voltará as aulas. Colocarano na cadeira mentres xantan e logo nas costas cando estean nas zonas de recreo.

Na **xornada partida** unha vez rematado o xantar sairán ao patio secuencialmente acompañados das colaboradoras de comedor que os acompañarán as súas zonas estables de convivencia.

Unha vez toque o timbre/música para entrada da tarde vólvese as aulas de 6º de EP a 1º de EP independentemente da zona de patio de xeito secuencial e ordenado. As colaboradoras que se circule secuencialmente, un grupo de cada vez pero de xeito fluído, seguindo as medidas de protección. O profesorado de garda deberá estar xa nas portas que lle corresponda.

- **Persoal de cociña e o colaborador:** comerán no horario de 12:15 a 12:45.

43. Persoal colaborador (previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe ser o mesmo durante as diferentes quendas) (non incluír datos de carácter persoal)

- O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas. O persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quendas.
- O seu número ascende a 20 persoas.

44. Persoal de cociña (previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma) (non incluír datos de carácter persoal)

- O número de persoas de cociña ascende a 5 persoas. Seguirán o protocolo de limpeza APCC do centro.
- O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.

Id. Medidas específicas para o uso doutros espazos

45. Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas... (realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais —tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios...— ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán normas de uso e limpeza)

Nas únicas áreas nas que o alumnado poderá abandonar a súa aula serán E. Física, Psicomotricidade e Música, tamén o alumnado atención educativa (EI) e Valores Sociais e Cívicos (EP).

- Isto implica que a aula de psicomotricidade, música e o ximnasio deben ofrecer as mesmas garantías de seguridade que as aulas convencionais. Deste xeito, terán a mesma dotación que esas aulas (dispensadores de xel, papeleiras de pedal, panos desbotables, líquido e panos virucidas,...) que permita realizar as rutinas de limpeza antes e ao finalizar a sesión.
- Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica.
- Para garantir que isto se cumpre o profesorado de EF, Psicomotricidade e Música irá buscar ao alumnado á propia aula.
- Relixión impartirase na aula ordinaria. Por este motivo o alumnado atención educativa (EI) e Valores Sociais e Cívicos (EP) será acompañado polo profesorado que lle imparta a materia á aula 44 .
- Os vestiarios empregaranse ao inicio e remate de cada sesión de EF. Controlarase o aforo aos vestiarios, non podendo entrar máis de 1 neno/a., debendo esperar os demais deixando a distancia de seguridade.
- A limpeza do ximnasio e vestiarios corresponderalle ao persoal de limpeza.

CONSERXERÍA.

- O conserxe abrirá toas as portas e as fiestras das titorías 15 minutos antes da entrada do alumnado.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

- Na conserxería o persoal que a atende debe extremar as medidas de seguridade e hixiene. Existirá dispensador de xel hidroalcolico, limpador desinfectante, papeleira e panos desbotables.
- Por regra xeral non entrará na conserxería máis que o conserxe ou persoa que o substitúa.
- No caso de ter que facer outra persoas as fotocopias ou utilizar calquera material desa instalación, desinfectará as mans antes do uso e a maquina usada despois do uso.
- Todo a entrega/recepción de calquera documento realizarase a través da fiestra non accedendo ao interior.
- Garantirase a máxima ventilación posible mentres estea ocupada.
- Cando o persoal de conserxería realice calquera función fóra da conserxería procederá a desinfección de mans ao saír e ao entrar.
- Ao ir recoller/acompañar alumnado ás aulas manterá a distancia interpersonal de 1,5m.
- Entregarase o material para fotocopiar preferiblemente con dous días de antelación.
- O alumnado non poderá acceder a conserxería nin recoller material da mesma.
- Non se deixarán merendas, nin mochilas, nin material escolar esquecido na conserxería.

SALA DE PROFESORES:

Existirá o mesmo material de protección que nas demais dependencias. As medida a adoptar serán as seguintes:

- Gardarase a distancia de seguridade na sala.
- Desinfectarase as mans antes de entrar e ao saír.
- Desinfectarase todo o usado (mesa, ordenador,...) antes e despois do seu uso.
- Eliminarase as cadeiras que excedan o aforo máximo permitido.
- Na porta establecerase o aforo permitido.
- Extremarase a ventilación, permanecendo abertas as ventás en todo momento, sempre que sexa posible.

SECRETARÍA:

- Dotarase co material hixiénico necesario e mampara de protección.
- Establécense as seguintes normas:
- Ademais do persoal administrativo, de cara a atención ao público só pode entrar unha persoa de cada vez.
- Farase unha ringleira para esperar, na zona marcada respectando a distancia de 1,5 m.
- Reducirase na medida do posible a xeración e manexo de documentación en papel.
- Priorizarase a atención por medios telemáticos e cando non sexa posible establecerse o sistema de cita previa.
- Reducirase o acceso do alumnado e as familias acudirán o estritamente necesario.
- O profesorado só pode utilizar o teléfono, calquera outra documentación será pedido a persoa administrativa. Deberase desinfectar as mans e o teléfono antes e despois do uso.

46. Educación física (existirán determinacións específicas para a materia de educación física)

No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnasiaos ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

Medidas organizativas:

- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade.
- Realizaranse limpezaas básicas ao longo da xornada no ximnasio, vestiarios, aula de psicomotricidade e materiais de uso común, polo persoal de limpeza.
- O alumnado non terá acceso directo ao material. Será o mestre o que faga entrega do mesmo coas medidas de desinfección correspondente.
- Antes do remate da clase desinfectarase todo o material utilizado.

47. Cambio de aula (regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo)

Cando un grupo de alumnas/os deba cambiar de aula, farao con máscara, en fila de un, respectando a distancia de 1,5 m, seguindo a ruta pola dereita, marcada no chan.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

- Será obrigatorio o uso de máscara nos intercambios de aula e /ou outros desprazamentos polo centro para todo o alumnado.
- O alumnado esperará na súa aula a que a/o mestra/e especialista o vaia buscar.

48. **Biblioteca** (as persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo)

A biblioteca contará coas mesmas medidas de hixiene e protección xerais de todos os espazos do centro, así como as restantes normas de uso e funcionamento.

- A biblioteca poderá ser usada de acordo co aforo xeral previsto para as bibliotecas públicas.
- O alumnado hixienizará antes e despois da estancia na mesma seguindo o protocolo establecido para a biblioteca escolar.

49. **Aseos** (poderanse asignar grupos de aseos ao alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro)

- O alumnado usará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula.
- Respectaranse as labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.
- A limitación de aforo aos aseos de E. Infantil (nº3) será de 2 alumnos/as
- O aforo do resto de aseos será de 1 alumna/o.
- Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.
- O alumnado hixienizará as mans á saída do mesmo.
- Non se poderá ir aos baños nos intercambios de clase ou no momento de saír ou entrar do recreo.

Id. **Medidas especiais para os recreos**

50. **Horarios e espazos** (as determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase minuciosamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis coas previsións propias para os grupos estables de convivencia)

- Para volver do recreo para as aulas, non soará o timbre para evitar aglomeracións e carreiras. Cada mestre/a que imparta na sesión despois do recreo recollerá o grupo que lle corresponde entrando polas portas correspondentes.
- Comezarán a entrar de 6º a 1º e de 5 anos de EI a 3 anos de EI.

No horario de recreo o alumnado de grupos estables estarás nos espazos indicados.



RECREO COMEDOR DÍAS DE CHUVIA

EDUCACIÓN INFANTIL

- Días de choiva 3 anos B, 3 anos A e 4 a B manterán a mesma zona. 4 anos A irá a biblioteca, 5 anos B e 5 anos A irán ao ximnasio separados en dúas zonas. Estableceranse rotacións quincenais. Sairán do comedor acompañados das colaboradoras por grupos estables de convivencia pola porta do patio levándoos a zona correspondente e seguindo as frechas indicadas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- Días de choiva de 1º a 6º de EP o alumnado saíra ao patio por orde en grupos estables de convivencia acompañados polas coidadoras para acceder as súas zonas delimitadas dentro do pavillón.



51. Profesorado de vixilancia (nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia, existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable) (non incluír datos de carácter persoal)

Como norma xeral o profesorado que vixie ao alumnado dunha zona estable, será profesorado habitual do mesmo. Cadro horario gardas recreo:

GRUPO	Nº DE MESTRES DE GARDA	ZONA	HORA	
			CONTINUADA	PARTIDA
INFANTIL				
Patio cuberto 3aA, 3aB,4aB	4	QUENDA ROTATORIA	11:25 A 11:55	11:10 A 11:30

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

Fronte patio cuberto 4aA, 5aA, 5aB	3	QUENDA ROTATORIA		
PRIMARIA			11:25 A 11:55	11:10 A 11:30
Zona fronte areiro e pista 1ºB e 3ºB	1	QUENDA ROTATORIA		
Zona pista vermella pequena e pista verde	1	QUENDA ROTATORIA		
Zona asfaltada diante pavillón 2ºA e 2ºB	1	QUENDA ROTATORIA		
Pista vermella datrás e pista asfaltada	3	QUENDA ROTATORIA		

Id.	Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria
------------	--

52.	Metodoloxía e uso de baños (incluír previsións sobre a metodoloxía na aula e uso de baños que estean situados na mesma, tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material de aula)
<ul style="list-style-type: none"> A pesar de que en E. Infantil se formarán grupos de convivencia estable, estableceremos unha serie de pautas e variacións con respecto a cursos anteriores que permiten minimizar, na medida do posible o risco de contaxio e propagación. Este é un ciclo no que a idade do alumnado e a súa etapa evolutiva invitan á experimentación, á vivenciación, ao intercambio, ao contacto e á liberdade; que xustamente entran en conflito coas medidas de seguridade para evitar contaxios. Non renunciar a esas características ao mesmo tempo que intentar minimizar os riscos é algo complexo e intentaremos facer deste xeito: <p><u>Asemblea:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> Realizarse atendendo ao grupo estable de convivencia. Dentro desas rutinas habituais incluírse a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico, así como a hixiene correcta de mans. Neste sentido, deixárase claro que nestas aulas o dispensador de xel ou solución xabonosa non estará na parede ao alcance do alumnado, xa que isto podería supoñer un risco, polo que as aulas terán dispensadores de man situados na mesa das mestras, que serán as responsables del e as que o distribúan cando sexa preciso. 	

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

Colocación do alumnado / agrupamentos.

- Colócanse en grupos de 5 alumnos/as en función do alumnado total da aula sempre que sexa posible. Ao igual que en Primaria eses grupos serán estables e tratarase de reducir a interacción global entre grupos.

Recunchos.

- Os grupos creados para a ubicación na aula serán os mesmos para o xogo en recunchos. O material dos recunchos reducirase ao imprescindible e eliminaranse aqueles obxectos de difícil desinfección.
- Antes de ir aos recunchos realizarase unha limpeza de mans e unha vez finalizados repetirase esta acción.

Uso dos baños.

Establecerase un sistema visual para comprobar a dispoñibilidade do aseo e terán un aforo de 2 alumnas/os nun caso e 1 noutro debido a existencia e dous aseos con ratio diferente.

Realizarase a limpeza e desinfección completa tres veces por xornada lectiva como indica a norma xeral do protocolo.

Uso de máscara.

- Aínda que a normativa sobre os grupos de convivencia estable non a esixa, cremos que o emprego da mesma en espazos comúns e recreos será beneficioso tanto a nivel de protección como para xerar un hábito moi recomendable entre a poboación.
- Será labor conxunta de familias e escola traballar os hábitos correctos para colocalas e quitálas de xeito correcto, así como a maneira de gardalas.

Material.

- Antes do comezo do curso facilitarase a listaxe co material propio que debe ter o alumnado. Entre este material será moi importante que haxa unha bolsa de tela para as máscaras.

Material común.

- Dentro da aula por cada grupo estable de 5 facilitarase un material único para eses membros. Desinfectarase con frecuencia.

53. Actividades e merenda (a maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, incluírase unha previsión sobre o tempo de merenda)

Merenda.

- A merenda será na aula. Despois de merendar hixienizarán ou lavarán as mans.
- O alumnado de Primaria fará a merenda na aula.

Actividades e xogos.

- O noso patio permite unha dispersión do alumnado e que poidan evitarse aglomeracións. O exterior facilita o emprego da imaxinación para que as nenas/os xoguen e interactúen co medio.
- Aínda así, propóranse diversos xogos que permitan a diversión sen contacto e con menos nivel de risco, como poden ser os xogos de precisión, os motóricos-coordinativos (mariola, soaniña, goma, comba),...
- Os areiros non se poderán usar.
- Evitaranse os xogos de contacto e os xoguetes.

Id. Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres

54. Emprego do equipamento (nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizarse en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)

Aula de informática.

- Non se usará. Todos os medios informáticos usaranse na aula habitual e desinfectaranse despois do seu uso.

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

Aulas de infantil.

- As aulas de infantil dispoñen todas dun equipo informático con encerado dixital e canón. Será o profesorado quen garanta a desinfección deste material.

Aulas de 1º, 2º, 3º e 4º de EP.

- En todas as aulas hai un equipo informático con encerado e canón. A aula de 3ºC comezará na aula materia de Lingua Inglesa ata a dotación completa da aula que se lle asignará.

Aulas de 5º e 6º de EP

- O alumnado de 5º e 6º de EP participará este curso no Proxecto E-dixgal, polo que cada alumna/o contará co seu propio netbook que non poderá compartir. Será o responsable da súa desinfección diaria.

Aulas de PT e AL.

- Cada aula dispón dun equipo informático. Nalgún caso o alumnado ten acceso a unha tablet polo que ao rematar a sesión serán os especialistas os que garantan a desinfección da mesma.

Material de ciencias.

- Está centralizado no almacén. So poderá acceder a el o profesorado e deixará constancia do seu préstamo á aula. Despois de usalo terá que ser desinfectado. Recoméndase que non sexa usado polo alumnado. De facelo, hai que desinfectalo antes e despois do seu uso.

Instrumentos musicais.

- Se se utilizan pequenos instrumentos musicais, nunca poderán pasar dun alumno/a a outro/a sen hixienizar. Ao remate deberán ser desinfectados polo alumnado baixo a supervisión da mestra especialista.
- Recoméndase restrinxir o máximo posible a súa utilización.

Id. Medidas específicas para alumnado de NEE

55. Medidas (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE)

- Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso de máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade.
- No caso de non facer uso da mesma optárase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula.
- Neste caso limitarase as interaccións dos grupos.
- O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade.
- No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.
- O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.
- O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais (pictogramas)

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

56. Medidas e tarefas. Seguimento (particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado, as medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia)

- O profesorado e o persoal coidador realizará as mesmas que nun curso ordinario tendo en contas a aplicacións das medidas de hixiene e protección actuais pola situación da COVID.

Id. Previsións específicas para o profesorado

57. Medidas (para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras)

Reunións:

- Para aquelas que impliquen a participación de **todo o profesorado** empregárase o **ximnasio**, xa que ten as dimensións axeitadas para manter unha distancia social axeitada.
- As reunións dos diferentes **equipos docentes** terán lugar na **sala da persoa coordinadora**.
- Para as reunións de **equipos de nivel ou ciclo** empregárase unha das **aulas** desde nivel ou ciclo, coas medidas de seguridade reflectidas neste plan.

Sala de mestres:

- O cambio de lugar da sala de mestres permite a estancia simultánea de quince persoas, polo que nos recreos todo o profesorado que non estea de garda poderá estar nese espazo. Aínda así, prestarase especial atención á ventilación da sala.
- Na sala haberá dispensador de xel e panos desbotables, así como unha papeleira de pedal.
- Será responsabilidade individual dos usuarios dos ordenadores a limpeza e desinfección dos equipos de traballo con xel hidroalcohólico.

58. Órganos colexiados (o centro incluirá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)

Reunións dos órganos colexiados:

1. *Claustro*: levaranse a cabo no ximnasio no caso de ser presencial. No caso de que a situación o impida, realizarase telematicamente usando a plataforma ofertada (WEBEX ou Falemos).
2. *Consello escolar*: realizarase preferentemente de xeito telemático.

Id. Medidas de carácter formativo e pedagóxico

59. Formación en educación en saúde (de conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19, no plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2)

- Ao longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte ao COVID-19.
- Con respecto a este punto cumprírase coas premisas descritas no protocolo da Consellería de Educación e de Sanidade.

60. Difusión das medidas de prevención e protección (o Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, así mesmo, en colaboración co centro de saúde de referencia, incluirá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección; establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro).

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

- Empregaranse todas as canles de comunicación reflectidas no Plan de Comunicación do colexio para a difusión de toda a información de relevancia con respecto a este tema, en especial ás enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade. Principalmente Abalar Móbil e a páxina web do centro.
- Do mesmo xeito, facilitarase o acceso á documentación e charlas formativas de interese.

61. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais (o plan determinará o profesorado que, en función dos seus coñecementos e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras Abalar ou Edixgal e coa UAC; o persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes —engadir unha fila por profesor/a—)

O profesorado do centro recibiu formación básica no último trimestre do curso que lle permite empregar as aulas virtuais. Esta formación será completada ao longo do curso.

- O alumnado recibirá formación ao respecto e as familias tamén serán novamente informadas.
- En calquera caso, o coordinador do equipo Tics será o responsable do traballo do mantemento da aula virtual (xestión de administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica), que, a día de hoxe, xa está preparada para o longo do mes de setembro.
- O resto de funcións (comunicación coa UAC, co responsable abalar da zona, divulgar accións de formación,...) tamén forman parte das tarefas do equipo Tics en coordinación coa dirección do centro.
- O alumnado de 5º e 6º traballará fundamentalmente co Edixgal.
- Queda pendente a continuidade doutros proxectos dixitais en diferentes cursos.

62. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso” (o plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “Instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa)

- O equipo directivo elaborará o Plan de Acolida que será publicado coa maior brevidade posible para que a comunidade educativa poida organizar o mes de setembro e sobre todo, o primeiro día de clase.
- O período de adaptación para o alumnado de 4º de E. Infantil organizarase na primeira semana de setembro e informarase ás familias do mesmo.
- Este curso non haberá reunións masivas como nos anos anteriores. A información será transmitida a través da páxina web, abalar móbil ou con chamadas telefónicas dos distintos titotes/as.

63. Difusión do plan (o “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas)

- Este borrador do Plan de adaptación á situación Covid será publicado na web do centro e notificado ás familias a través da aplicación abalar móbil, aos membros do Claustro e Consello Escolar a través do correo electrónico.
- Ao longo do mes de setembro publicarase o documento definitivo.

ANEXOS



ANEXO I ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu/súa médico/a ou pediatra.

Presentou nos últimos días?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nos últimos 10 días?	cunha persoa Covid-19 + confirmado?		

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22



DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____, con
DNI número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a
_____, matriculado no curso
_____, do centro educativo _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE COÑECE O

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS de
ensino non universitario DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a
enquisa de autoavaliación da Covid-19 ao alumno/a e a obriga de NON enviarlo/a
ao centro e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso
presentar cando menos un síntomas previstos. De igual xeito coñece a obriga de
seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a
conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19.

O alumno/a non poderán acudir ao centro ata que así llelo indiquen os servizos
sanitarios.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán estas circunstancias ao Equipo
Covid do centro.

En _____, a ___ de _____ de 2020.
ASDO. _____



57 de 132

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22


ANEXO DO PUNTO 22 CADRO DE CONTROL DE LIMPEZA DOS ASEOS

XORNADA CONTINUA								
CONTROL LIMPEZA DE BAÑOS					Tempo de recreo			
RESPONSABLE:		08:50 a 09:55	09:55 a 10:40	10:40 a 11:25	11:25 a 11:55	11:55 a 13:00 (inclúe 20 mint de hora de ler)	13:00 a 13:50	13:50 A 15:15
Baños de EI lateral dereito								
Baños de EI + EP (1º e 2º) + baño adaptado	B1							
	B2 + adapt.							
Baños da planta superior	B1							
	B2							
Baños profesorado	B1							
	B2							
Baños do ximnasio	B1							
	B2							


Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 21-22

ANEXO PUNTO 23 MODELO DE CHECKLIST PARA ANOTAR AS VENTILACIÓNS DAS AULAS (A COLOCAR EN CADA AULA)

XORNADA CONTINUA CHECKLIST DE VENTILACIÓN						
	1º SESIÓN	2ª SESIÓN	3ª SESIÓN	Tempo de recreo	4ª SESIÓN	5ª SESIÓN
SEMANA DO: _____	09:10 a 09:55	09:55 a 10:40	10:40 a 11:25	11:25 a 11:55	11:55 a 13:00 (inclúe 20 mint. de hora de ler)	13:00 a 14:00
LUNS						
MARTES						
MÉRCORES						
XOVES						
VENRES						



ANEXO
PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E
PLAN DE CONTIXENCIA CURSO 2021-2022
ANPA XALLAS DO CEIP BARRIÉ DE LA MAZA



PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E PLAN DE CONTIXENCIA CURSO 2021-2022

ANPA XALLAS DO CEIP BARRIÉ DE LA MAZA

Actividades que se pretende ofertar:

Preténdense ofertar as seguintes actividades:

- Plan Concilia (Madrugadores e Tardes Divertidas)
- Ximnasia rítmica
- Baile Moderno
- Judo
- Xadrez
- Debuxo
- Informática
- Inglés infantil

Horarios e lugar de realización das mesmas:

- Plan Concilia: todos os días de 07:30 a 09:30 e de 16:15 a 20:00. Na aula concilia, comedor do centro e aulas de inglés
- Ximnasia rítmica, baile moderno e judo: de 16:30 a 17:30, un día a semana cada unha. No ximnasio do centro
- Xadrez e informática: de 16:30 a 17:30, un día a semana cada unha. Na aula de informática do centro
- Debuxo e inglés infantil: de 16:30 a 17:30, un día a semana cada unha. Na aula do centro que determine a dirección.

Plan de continxencia e normas de funcionamento

a) previamente e tras a realización da actividade realizarase limpeza e desinfección das salas, estancias, baños, zonas de tránsito, mobiliario ou útiles empregados

b) manterase unha ventilación adecuada antes, durante e despois da actividade

c) acudirase sempre que sexa posible á mesma sala, instalación, aula ou espazo

d) fíxase un aforo máximo por actividade conforme a normativa que sexa de aplicación en cada momento. A data de elaboración deste documento 10 nenos/as por monitor.

e) Os grupos de actividades extraescolares serán estables e levarase un rexistro diario de asistencia tentando evitar novos membros, interacción entre grupos e cambio de monitores/as). O rexistro diario será custodiado polas empresas que leven a cabo as actividades.

f) As clases organizaranse de tal xeito que se poda facer unha saída e entrada graduada e unha ventilación entre clases e, de cando menos 10 a 15 minutos por hora.

g) Respectaranse na medida do posible os grupos de idade (curso ou ciclo) ou agruparanse por idades próximas.

h) Os/as pais/nais/ titores legais firmarán unha declaración de responsabilidade na que se comprometan a valorar e respectar as seguintes pasos/normas:

1. Realizar a enquisa de auto avaliación prevista no “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022” e non acudir á actividade de acordo co que a mesma estableza.
2. Informar ao persoal monitor no caso que se de algunha das circunstancias previstas na enquisa de auto avaliación para o seu coñecemento e traslado ao centro educativo que o porá en coñecemento do Equipo Covid.
3. A máscara será obrigatoria durante as actividades para maiores de 6 anos e recomendable para menores de 3 a 5 anos salvo nos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario. Os/as asistentes deberán traer cando menos unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado.
4. Non estará permitida a entrada a persoas alleas (pais/nais) nas actividades nin nas instalacións deportivas. Así como tampouco estará permitido estar na instalación fóra da hora de actividade. Tampouco estará permitida a presenza dos propios participantes cando non sexa a súa hora de actividade, nin sequera nas gradas, no caso de contar con estas

i) A persoa monitora sairá a recibir ao grupo cando a instalación estea libre.

l) Primeiro efectuarase a saída e posteriormente a entrada do novo grupo. No exterior marcaranse zonas para esperar a entrada e/ou saída que garantan as distancias de seguridade. Para garantir un proceso áxil é precisa a máxima puntualidade.

m) Os espazos contarán con aseos asignados (con indicación e control de aforo segundo o previsto na lexislación vixente) que permita o lavado de mans con auga e xabón cando menos 40 segundos cando estean visiblemente sucias. Contarán tamén con dispensadores de xel hidroalcohólico nas entradas e saídas.

n) Delimitaranse zonas para que cada neno/a deixe os seus obxectos persoais como a mochila ou a botella de auga. Procurarase que este lugar sexa fixo durante todo o curso. Entregarase ao centro un plano de situación con estes lugares marcados para facilitar, en caso de ser necesario, o seguimento epidemiolóxico.

ñ) Evitarase compartir material e, se fose necesario, estará previamente hixienizado. Despois do uso volverase a hixienizalo e será obrigatorio o lavado de mans. As persoas adultas contarán co seu propio material e encargaranse de hixienizalo logo do seu uso.

o) A hixiene de mans, realizarase con auga xabonosa ou xel hidroalcohólico, e será obrigatoria despois de xogar, tocar material deportivo, de ir ó baño, esberrar, tusir ... ou cando o determine a persoa monitora.

p) Baixo ningún concepto poderán compartirse botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas e situadas no sitio asignado a cada asistente xunto co resto de obxectos persoais.

q) No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade procederáse ao illamento desta persoa no espazo habilitado para tal fin e de acordo co “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.